

## A Carolina

O amigo Pepe Blanco  
dí que en Rozas hai boa nova,  
unha planta de avións  
dara emprego á xente toda.  
Bailaches Pepe Blanco?  
Bailei, si señor.  
Dime con quen bailache.  
Bailei co meu farol (tres veces)  
Bailaches Pepe Blanco?  
Bailei, si señor.

Cando o AVE chegue a Lugo  
eu xa son un xubilado,  
collerei avión en Rozas  
pra non chegar retrasado.  
Bailaches co ministro?  
Bailei, si señor.  
Dime con quen bailache.  
Bailei co meu amor (tres veces)  
Bailaches co ministro?  
Bailei, si señor.

Todos en Lugo queremos  
nova ponte sobre o Miño.  
pero o Marcos Cela vale,  
pensar ben noutro camiño.  
Bailaches con Fomento?  
Bailei, abofé.  
Dime con quen bailaches.  
Bailei co meu Xosé (tres veces)  
Bailaches con Fomento?  
Bailei, abofé.

A finca de Liñares  
era un terreo barato,  
pero co novo PXOM  
medrou seu valor en cartos.  
Bailaches Liñares?  
Bailei si señor.  
Dime con quen bailaches,  
Bailei co seu valor (tres veces)  
Bailaches Liñares?  
Bailei co meu señor.

Cos edificios do Parque  
hai que tomar decisións,  
o PSOE non se move  
BNG e PP en eleccións.  
Bailaches concelleiro?  
Bailei por votación.  
Dime como bailache.  
Bailei no meu sillón (tres veces)  
Bailaches concelleiro?  
Bailei por votación.

Os votos querido alcalde  
son pra facer cavilar,  
se se perde a maioría  
o rumbo ten que cambiar.